



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 13 de abril de 2026, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/16005

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Enfermaría (Terapia Ocupacional)

Departamento: Ciencias da Saúde

Centro: Facultade de Ciencias da Saúde

Tras analizar a documentación da praza 25/16005, as reclamacións presentadas por D^a Patricia Concheiro Moscoso e D^a Ana Isabel Souto Gómez e os informes da Comisión de selección, a Comisión de reclamacións, na súa reunión de 13 de abril de 2026, manifesta:

1. como resultado da presentación das reclamacións, a Comisión de selección enviou unha nova proposta de provisión e unha nova baremación dos méritos de todas as persoas candidatas
2. os informes da Comisión de selección sobre as alegacións das reclamantes son de carácter xenérico, sen dar resposta puntual ás alegacións concretas presentadas por elas

Por tanto, acorda:

1. solicitar da Comisión de selección a emisión dun informe en que dea conta de:
 - que alegacións das reclamantes foron tomadas en consideración e cal foi a súa repercusión na puntuación dada aos seus méritos
 - que revisións nas puntuacións doutras persoas candidatas se produciron e as razóns en que se apoian
2. facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández